

**ROLDA SUR-OESTE DE ORDES
(N-550 - AC-413)**

1. Obxecto da actuación

O obxecto da actuación é a execución da Rolda Sur-Oeste de Ordes que unirá a N-550 (no punto onde o Ministerio de Fomento prevé a execución dunha intersección tipo glorieta) coa AC-413. A Rolda dotarase de carrís para circulación de vehículos e sendas para peóns, bicicletas e patíns, permitindo así reducir o tráfico de vehículos no núcleo urbano de Ordes e dar continuidade as sendas e carril bici xa existentes que conectan Ordes (dende Praza da Constitución) coas instalacións da Piscina Municipal, o IES Maruxa Mallo, o IES N1 e as instalacións dos Pavillóns Deportivos Castelao I e II. Todo elo, co fin de mellorar a seguridade viaria e levar a cabo a reordenación do tráfico existente.

2. Plan de Estradas

Novo trazado.

3. Descrición da actuación

A nova Rolda terá unha lonxitude de 2,05 km. Executaranse dúas glorietas: a glorieta 1, no punto quilométrico (P.Q.) 0+560, á altura da intersección coa rúa Coruña e o desvío que vai cara o Instituto e as instalacións da Piscina Municipal; e a glorieta 2, no enlace coa estrada AC-413 de Ordes a Carballo e a DP-5903 de Ordes a Portomouro por Puentechonia. Tamén se executará unha intersección en T con carrís centrais no acceso ao cemiterio municipal do Balado e as instalacións do Punto Limpo de Ordes.

4. Características técnicas**Seccións tipo:**

- Tronco: 3 m de beirarrúa + 3 m carril bici + 1,5 m illa + 0,5 m beiravía + 2 carrís de 3,5 m cada un + 0,5 m separación de carrís + 3,5 m carril + 1 m beiravía.
- Glorieta 1: 1 m de beiravía + 2 carrís de 4 m cada un + 1 m de coroa circular + 9 m de zona axardinada.
- Glorieta 2: 1 m de beiravía + 2 carrís de 4 m cada un + 1,5 m de coroa circular + 14,5 m de zona axardinada.
- Camiños de servizo: 4 m de carril.

Firmes:

- Calzada: capa de rodaxe con 3 cm formigón bituminoso en quente (MBQ) BBTM 11 A BC 50/70 + rega de adherencia (RA) + capa intermedia de 9 cm MBQ AC 22 bin BC 50/70 S + RA + capa base con 13 cm MBQ AC 32 base BC 50/70 S + rega de imprimación (RI) + capa de subbase de 25 cm de saburra artificial + 75 cm de solo seleccionado. Beiravía coa mesma sección.
- Variación do firme sobre as diferentes estruturas proxectadas: capa de rodaxe con 3 cm MBQ BBTM 11 A BC 50/70 + RA + capa intermedia de 7 cm MBQ AC 22 bin BC 50/70 S + RA.
- Anel interior das glorietas: bordo montable + coroa circular en formigón de cor negra (RAL 9005) de 15 cm de espesor, sobre capa de 25 cm de saburra e reforzada cunha malla de aceiro + zona axardinada con plantas tapizadas de baixo mantemento e pezas de formigón como decoración.
- Senda peonil e carril bici: capa de 10 cm de HF-3,5 + 6 cm HF-3,5 + 25 cm de saburra (cor RAL 1020 para a zona ciclista e de cor terriza para a zona peonil).
- Camiños de servizo: 20 cm de material seleccionado + 15 cm de saburra artificial.

Estruturas, contéplanse tres estruturas necesarias para a execución do trazado:

- P.Q. 0+065: ponte sobre un curso de auga cun taboleiro de vigas prefabricadas biapoiadas, cun único van de 35 m de luz libre e unha altura variable sobre o leito da contorna de 4 m.
- P.Q. 0+672: paso inferior necesario para manter a continuidade dun viario municipal; cunha estrutura tipo marco, realizada "in situ" en formigón armado, cunha lonxitude de 26,5 m e unha sección rectangular de 8 m de ancho e 5,5 m gálibo libre.
- P.Q. 1+360: ponte sobre un curso de auga, cun taboleiro de vigas prefabricadas biapoiadas, resolta cun único van de 35 m de luz libre e unha altura variable sobre o leito da contorna de 3,5 m.

Proxectarase tamén a drenaxe lonxitudinal e transversal, a iluminación, a sinalización, e o balizamento e defensas.

5. Poboación Servida (INE 2025)

Ordes	12.990 hab.
TOTAL	12.990 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Ordes

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 147. Superficie total expropiación: 69.488 m² pleno dominio, 710 m² ocupación temporal e 1.541 m² de servidume.

Orzamentos

Solo	327.673,48 €
Bens	50.377,32 €
5% Premio Afección	18.902,54 €
Ocupación Temporal	156,20 €
Servidume	10.497,26 €
Total Expropiacións	407.606,80 €

8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **DEZAOITO (18) meses**.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	11.492.596,09 €
Orzamento Reposición Servizos afectados	95.346,64 €
Orzamento Expropiacións e Bens Afectados	407.606,80 €
Orzamento Plan de Vixilancia Ambiental	39.494,40 €
Orzamento Seguimento Arqueolóxico	4.945,27 €
Orzamento Programa Medidas Protectoras	53.242,65 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	12.093.231,85 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONS TIPO

